



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 30 DE XANEIRO DE 2025

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA DE 28-11-2024 E SESIÓN ORDINARIA DE 26-12-2024.....	2
2. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN Nº3 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE PONTEDEUME.....	3
3.MOCIÓN DO BNG: SITUACIÓN DO IDIOMA PROPIO DA GALIZA E A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A SÚA NORMALIZACIÓN.....	14
4. MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á CELEBRACIÓN DO ANO CASTELAO EN 2025.....	16
5. MOCIÓN DO PSOE: SOLICITANDO A CONSTRUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA AUTONÓMICA AC-151.....	20
6. MOCIÓN DO PSOE: PETICIÓN A XUNTA DE GALICIA DA COLOCACIÓN DE POSTES INTELIXENTES NAS PARADAS DE AUTOBÚS.....	22
7. MOCIÓN DO PP SOBRE O SUPERÁVIT ORZAMENTARIO 2024.....	24
8. MOCIÓN DO PP SOBRE A DECLARACIÓN DO 2025 COMO “ANO CASTELAO” CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO 75 ANIVERSARIO DO SEU PASAMENTO.....	28
9. ASUNTOS DE URXENCIA.....	29
10. DAR CONTA REMISIÓN INFORMACIÓN MINISTERIO PMP E LEI DE MOROSIDADE 4 TRIMESTRE DE 2024.....	30
11. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.....	31
12. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO.....	31
13. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.....	38
13.1. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.....	38
13.2. ROGOS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.....	39
13.3. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.....	40
13.4. ROGOS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.....	43
REMATE DA SESIÓN.....	44
DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....	45





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 30 DE XANEIRO DE 2025

#### ASISTENTES:

##### Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

##### Concelleiros/as:

D<sup>a</sup> María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).

D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

D. Luis Pena Mosquera (BNG)

D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D<sup>a</sup> Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e seis minutos do día trinta de xaneiro de dous mil vinte e cinco, xúntanse, en sesión ordinaria Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria e a Interventora municipal

##### A Secretaria municipal:

D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos

##### A Interventora municipal

D<sup>a</sup>. Lucía Varela Martínez

##### NON ASISTEN:

D. Daniel Ríos Fernández (PsdeG-PSOE)

A Presidencia abre a sesión, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA DE 28-11-2024 E SESIÓN ORDINARIA DE 26-12-2024

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidentencia, que se transcribe a continuación:

#### **"PROPOSTA DE ACORDO**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES

Expediente TDeC: 2025/G006/0000022

Recibida polas persoas membro do Pleno, as copias dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

**SESIÓN ORDINARIA DE 28.11.2024**  
**SESIÓN ORDINARIA DE 26.12.2024**

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

**SESIÓN ORDINARIA DE 28.11.2024** (borrador asinado o día 23.12.2024)  
**SESIÓN ORDINARIA DE 26.12.2024** (borrador asinado o día 27.01.2025)

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.”

Sen intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (8 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o ACORDO seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

**SESIÓN ORDINARIA DE 28.11.2024** (borrador asinado o día 23.12.2024)  
**SESIÓN ORDINARIA DE 26.12.2024** (borrador asinado o día 27.01.2025)

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro

### 2. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN Nº3 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE PONTEDEUME

A secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de día 27.01.2025, que se transcribe a continuación:

### “DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 27 DE XANEIRO DE 2025

EXPDTE: 2025/G012/000001

### 2.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN Nº3 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE PONTEDEUME

Consta proposta de alcaldía que se transcribe a continuación:

#### **"PROPOSTA DE ACORDO**

#### **APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN Nº3 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE PONTEDEUME.**

*(Expediente TEdC: 2024/E004/000002 - 2025/G006/000014)*

*Consta informe de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo municipal presentados por Tudó Consulting, SL con data de rexistro de entrada no concello do 16.07.2024 (202499900001305).*

*Acta da Mesa Xeral de Negociación do concello de Ponte deume do día 18.07.2024.*

*Consta informe de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo municipal presentados por Tudó Consulting, SL con data de rexistro de entrada no concello do 23.07.2024 (202499900001343).*

*Acta da Mesa Xeral de Negociación do concello de Ponte deume do día 30.07.2024.*

*Vista a Providencia de Concellería delegada de Persoal e Réxime Interior de 14 de agosto de 2024, na que constan os antecedentes de feito, que se transcriben en parte:*

*"Visto que neste Concello de Ponte deume resulta necesario realizar unha modificación na relación de postos de traballo vixente.*

*Visto que na relación de postos de traballo deste Concello, na área de obras e servizos municipais figuran os postos de:*

- Encargado de obras e servizos. (Posto incluído na oferta de emprego do ano 2022).*
- Dous postos de oficial de 1ª*
- Dous postos de oficial de 2ª-*
- Un posto de condutor.*
- Tres postos de peón.*
- Dous postos de xardineiro.*
- Un posto de peón de xardinería.*
- Seis postos de varredor.*
- Oito postos de limpador.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Visto que neste momento a área de obras e servizos municipais, conta unicamente cos efectivos seguintes:

- Un posto de condutor.
- Un posto de peón.
- Un posto de xardineiro.
- Dous postos de varredor.
- Dous postos de limpador.

Visto o exposto, non se considera necesario neste momento, que o posto de encargado de obras e servizos municipais, figure na relación de postos de traballo xa que as prazas que se encontran vacantes na área de obras e servizos municipais, non poden ser ofertadas nin convocadas, debido ás limitacións impostas polo Presupostos Xerais do Estado no referente á taxa de reposición de efectivos, polo que manter na RPT o posto de encargado de obras e servizos non ten sentido, debido a escaseza de efectivos na área.

Visto tamén que na relación de postos de traballo vixente, existe un posto que nunca foi cuberto en propiedade, concretamente o posto de administrativo do servizo de formación e emprego, servizo que non é de competencia municipal.

Tendo en conta a necesidade de incrementar en medios persoais o departamento de xestión de persoal deste Concello, faise necesaria a modificación das características do posto de administrativo do departamento de formación e emprego, para o traslado á área económico financeira do servizo de xestión de persoal, pola cantidade de traballo acumulado e polo traballo futuro, contando a día de hoxe con un auxiliar administrativo, e un administrativo xefe do departamento de persoal.

Tendo en conta tamén a necesidade de incluír na relación de postos de traballo, catro postos que ocupados por persoal laboral dende fai anos, concretamente o posto de animador cultural, animador deportivo, axente de emprego e desenvolvemento local e o posto de auxiliar policía local, declarada a persoa que o ocupa como indefinida discontinua por sentenza xudicial.

Visto que para a realización destas modificacións incluíuse na orde do día das xuntanzas das mesas xerais de negociación, constituídas segundo a lexislación vixente, (sindicatos maioritarios e representantes tanto do persoal funcionario como laboral deste Concello), xuntanzas realizadas o 18 e 30 de xullo de 2024, cuxas actas figuras en expediente.

Vistas a valoracións de postos que se amortizan, modifican e se inclúen na rpt, segundos informes adxuntos no expediente emitidos pola empresa JL TUDO S.l”.

Logo de ver os informes de custos mensuais dos postos afectados pola presente modificación puntual da RPT asinados polo Xefe de Persoal e Recadación do 27.11.2024

Visto o Informe da Técnica Superior de Administración Local do 16.12.2024 e conformado da Secretaría municipal na mesma data favorable, sen prexuízo das observacións realizadas nas consideracións xurídicas.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Visto o informe da Interventora municipal Ref. 360/2024 asinado o día 20.12.2024 favorable coas observacións e advertencias sinaladas no texto do informe.

Tendo en conta que a aprobación da presente modificación da RPT atende a necesidades puntuais de autoorganización desta administración, e que se xustifica, por un lado, pola innecesariedade de certos postos de traballo en varias áreas municipais, sen que a eliminación dos mesmos supoña en ningún caso a merma na prestación dos servizos que polos mesmos se veñen prestando e, por outro lado, nun incremento de persoal en servizos nos que se pon de manifesto a insuficiencia de persoal para o despacho ordinario dos asuntos que se asumen e que implica que algún do persoal adscrito ao mesmo esté a realizar funcións superiores á da escala á que pertencen, concretamente a creación do servizo de Persoal dentro da área económico-financeira e de forma independente ao servizo de Tesourería, pois na actualidade a gran parte da recadación en período voluntario e toda a recadación en período executivo do concello se atopa delegada na Deputación Provincial da Coruña e as taxas e impostos que asume propiamente o concello en xestión directa na maioría están a ser na actualidade xestionados baixo a modalidade de autoliquidación, asumindo na actualidade o dito servizo de Tesourería maioritariamente funcións propias de xestión tributaria e non tanto de recadación. Incluso, atendendo ás funcións propias do servizo de Persoal podería implicar a necesariedade da súa adscrición á Área de Réxime Interno e non á Área económico-financeira, máis neste momento preténdese, como se indica sufragar necesidades puntuais que se entenden máis urxentes, sen prexuízo dun estudo pormenorizado doutras necesidades e que podan implicar unha modificación máis xeralizada da presente Relación de Postos de Traballo nun futuro.

E por outro lado, é necesaria a creación dos catro postos vinculados á oferta de estabilización do emprego temporal, á vista de que xa se procedeu á súa contratación como persoal laboral fixo e persoal laboral fixo-descontinuo coa correspondente sinatura dos respectivos contratos de traballo o pasado 26 de decembro de 2024.

Considerando o establecido no artigo 22.2.i) e 47.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e normativa concordante.

Esta Alcaldía-Presidencia, propón ao Pleno do concello, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación nº 3 do documento da Relación de Postos de Traballo deste Concello, co contido do documento de modificación de relación de postos de traballo que determina a fundamentación, organigrama, postos de traballo a crear e amortizar e valoración dos mesmos:

### POSTOS DE TRABALLO A AMORTIZAR

- 05.00.00.01.01 **Encargado/a de Obras e Servizos** Amortización dese posto de traballo vacante na área de Obras e Servizos.

### POSTOS DE TRABALLO DE NOVA CREACIÓN

- 04.00.00.02.11 **Auxiliar Policía Local** Creación deste posto de traballo, laboral fixo discontinuo 4 meses e, excepcionalmente, 6 meses anuais, en aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público, no servizo de Policía Local.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 07.00.00.03.06 AEDL Creación deste posto novo de traballo, laboral fixo, en aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público, no servizo de Formación, emprego e desenvolvemento local.
- 08.00.00.03.04 Animador/a deportivo/a Creación deste posto novo de traballo, laboral fixo, en aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público, no servizo de Deportes.
- 09.00.00.03.04 Animador/a cultural Creación deste posto novo de traballo, laboral fixo, en aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público, no servizo de Cultura e Turismo.
- Creación dun novo servizo de Persoal na área Económico Financeira no que se inclúe o Xefe/a de Xestión de Persoal e Recadación, o Auxiliar Administrativo/a 02.00.00.03.07 e o Administrativo/a 07.00.00.03.02.

### POSTOS DE TRABALLO QUE SE MODIFICAN

- 07.00.00.03.02 Administrativo/a Traslado deste posto da área de Formación, Emprego e Desenvolvemento local á área Económico Financeira, no servizo de Persoal por razóns organizativas do Concello conservando o seu código.

Resultando o **organigrama** final da RPT do concello de Ponte deume o recollido no documento presentado pola empresa J&L Tudó Consulting, SL o día 23.07.2024 (nre 202499900001343) e que se recolle expresamente como **ANEXO** ao presente acordo.


**SEGUNDO.**- Expor ao público a mencionada modificación, durante o prazo de vinte días a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno. A relación considerárase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

**TERCEIRO.**- Una vez aprobada definitivamente, a modificación da Relación de Postos de Traballo publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e remitirase una copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime pertinente”.



# ANEXO







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

A Presidencia abre a quenda para o debate.

...//...

Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **MAIORÍA de 5 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSOE (5): D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. Joshua Dopico López; e **2 ABSTENCIÓNS** do concelleiro do grupo municipal do BNG, D. Luis Pena Mosquera e do concelleiro do grupo municipal do PP D. Santiago José Rodríguez Piñeiro”.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don José Simoes Couceiro, concelleiro delegado da área de Persoal e Réxime interior**, para indicar que se trata mais ben dunha reorganización que dunha modificación, xa que a Lei obriga a incluír dentro da RPT a todo o persoal que acadou unha praza fixa logo do procedemento de estabilización, neste caso son catro prazas.

Indica que tamén se procede a amortizar a praza de encargado de persoal, xa que neste momento o Goberno considera que non é necesaria, que a organización do traballo diario e vacacións do persoal de obra e limpeza, a fai o Concelleiro de Obras sen ningún problema; e indica que isto non quere dicir que nun futuro non se poda volver a crear cando exista maior plantilla de persoal. Continúa dicindo que na RPT hai dúas prazas de oficial de primeira que hai que convocar e unha destas poderá suplir o traballo do encargado.

Continúa o **Sr. Simoes**, dicindo que outra das modificacións é a praza de administrativo que estaba en Foremdes pasa ao departamento de Persoal, xa que o concello na actualidade non ten competencias en emprego; e que no departamento de persoal é necesaria unha persoa que vaia aprender xa que está próxima a xubilación do xefe de persoal.

Continúa dicindo que hai un compromiso cos sindicatos para modificar totalmente a RPT ao longo do ano 2025, que as Leis cambiaron moito e polo tanto as funcións do persoal tamén; a tramitación é un proceso longo para chegar a poñer todas as partes a favor da mesma.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera, concelleiro do grupo municipal do BNG** para dicir que a RPT é do ano 2007, que está totalmente anticuada e desfasada, que non pode recoller as funcións que están a realizar actualmente o persoal traballador do Concello;





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

indica que xa houbo un compromiso no 2019 para unha RPT que non se levou finalmente a cabo; espera que con este pequeno cambio proposto axude a mellorar o traballo diario; non confían nin desconfían do compromiso do goberno pero a realidade é que é necesaria unha nova RPT, coas funcións dos postos ben descritas e que se adapte a lexislación actual existente. Indica que tampouco ven moi claro que o posto de persoal dependa da área económica; e finalmente indica que o seu voto vai ser a abstención.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do grupo municipal do PP** que se remite ao indicado na comisión informativa do pasado día 27.01.2025, e que o voto do seu grupo vai ser a abstención.

Toma a palabra **don José Simoes Couceiro**, para indicar que si é certo que se intentou modificar a RPT, pero por diversos motivos non puido saír adiante, que na actualidade o equipo de goberno está convencidos de que hai que cambiala; hai que entablar unha conciliación cos traballadores.

Intervén **don Luis Pena Mosquera, concelleiro portavoz do grupo municipal do BNG** para indicar que moitas veces o goberno pon a falla de persoal como xustificación do atraso na tramitación dos expedientes e que el entende que a ferramenta que hai para resolver eses problemas é a RPT, ferramenta que define e planifica o que se quere coas funcións claramente definidas para os postos de traballo.

Responde o **Sr. Simoes** para indicar que a falla de persoal neste concello non é por culpa da actualización ou non da RPT, senón pola taxa de reposición que impide ampliar o cadro de persoal e nin sequera permite convocar prazas que hai vacantes na actualidade na RPT; e informa que se vai sacar a oferta de emprego público do ano 2025 con dúas prazas.

Concluídas as intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE 8 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D<sup>a</sup>. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez, D<sup>a</sup>. Ángela Piñeiro Carrera e D<sup>a</sup> Manuela García Fachal; e **CATRO ABSTENCIÓNS (4)** dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2), D. Luis Pena Mosquera e D. Manuel Aaron Curbeira Martínez; e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro, o **ACORDO seguinte:**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**PRIMEIRO.**- Aprobar inicialmente a modificación nº 3 do documento da Relación de Postos de Traballo deste Concello, co contido do documento de modificación de relación de postos de traballo que determina a fundamentación, organigrama, postos de traballo a crear e amortizar e valoración dos mesmos:

### POSTOS DE TRABALLO A AMORTIZAR

- 05.00.00.01.01 **Encargado/a de Obras e Servizos** Amortización dese posto de traballo vacante na área de Obras e Servizos.

### POSTOS DE TRABALLO DE NOVA CREACIÓN

- 04.00.00.02.11 Auxiliar Policía Local Creación deste posto de traballo, laboral fixo discontinuo 4 meses e, excepcionalmente, 6 meses anuais, en aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público, no servizo de Policía Local.
- 07.00.00.03.06 AEDL Creación deste posto novo de traballo, laboral fixo, en aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público, no servizo de Formación, emprego e desenvolvemento local.
- 08.00.00.03.04 Animador/a deportivo/a Creación deste posto novo de traballo, laboral fixo, en aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público, no servizo de Deportes.
- 09.00.00.03.04 Animador/a cultural Creación deste posto novo de traballo, laboral fixo, en aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público, no servizo de Cultura e Turismo.
- Creación dun novo servizo de Persoal na área Económico Financeira no que se inclúe o Xefe/a de Xestión de Persoal e Recadación, o Auxiliar Administrativo/a 02.00.00.03.07 e o Administrativo/a 07.00.00.03.02.

### POSTOS DE TRABALLO QUE SE MODIFICAN

- 07.00.00.03.02 Administrativo/a Traslado deste posto da área de Formación, Emprego e Desenvolvemento local á área Económico Financeira, no servizo de Persoal por razóns organizativas do Concello conservando o seu código.

Resultando o **organigrama** final da RPT do concello de Ponte deume o recollido no documento presentado pola empresa J&L Tudó Consulting, SI o día 23.07.2024 (nre 202499900001343) e que se recolle expresamente como **ANEXO** ao presente acordo.

**SEGUNDO.**- Expor ao público a mencionada modificación, durante o prazo de vinte días a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)


---

ante o Pleno. A relación considerárase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

**TERCEIRO.-** Una vez aprobada definitivamente, a modificación da Relación de Postos de Traballo publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e remitirase una copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.



ANEXO





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### 3.MOCIÓN DO BNG: SITUACIÓN DO IDIOMA PROPIO DA GALIZA E A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A SÚA NORMALIZACIÓN

Toma a palabra **don Luís Pena Mosquera, concelleiro portavoz do grupo municipal do BNG**, que da lectura á moción presentada, que se transcribe a continuación.

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

*Os recentes datos feitos públicos polo Instituto Galego de Estatística sobre coñecemento e uso do idioma galego constatan a situación crítica que está a atravesar a nosa lingua. Esta situación que podemos cualificar de emerxencia, é a consecuencia dunha política lingüística discriminatoria e excluínte aplicada nos últimos quince anos de goberno do Partido Popular na Xunta da Galiza. Neste período prohibiuse a impartición en galego de varias materias no sistema educativo (caso único en Europa), eliminouse practicamente o acceso das crianzas á lectoescritura en galego na rede de escolas infantís, mudouse a lei da función pública para que o funcionariado non teña por que ter coñecemento do galego para atender ás persoas, ou desapareceu a oferta da programación infantil ampla e actualizada na TVG, entre outras moitas medidas contra o galego na administración, na xustiza, no audiovisual e medios de comunicación, ou nas actividades comerciais e económicas.*

*As consecuencias están á vista. O galego non só descende bruscamente no uso habitual, perdendo a súa condición de lingua máis falada na Galiza, senón que mesmo se descoñece nas franxas de idade máis novas: o 32,4% das nenas e nenos entre 5 e 14 anos non son quen de se expresar en galego. Poden entendela, mais non falalo aínda que queiran, porque non o dominan. Este é o resultado práctico desas políticas. Así, o Consello de Europa ou a propia ONU teñen dirixido advertencias á Xunta de Galiza para mudar a actitude sobre o galego.*

*Consideramos, por suposto, que esta situación do noso idioma é reversíbel. O galego ten futuro se o compromiso coa normalización do noso idioma é real e asumido por toda a sociedade, comezando polas institucións galegas. O futuro do galego depende da nosa vontade colectiva como galegos e galegas.*

*É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes **ACORDOS**:*

**1. Reafirmarnos na defensa da lingua galega, patrimonio colectivo de incalculábel valor, e no seu dereito inalienábel a ser coñecida e usada pola poboación en calquera circunstancia e lugar, sen discriminación de ningún tipo.**

**2. O concello revisará a súa actuación en materia lingüística e a adaptará ao previsto legalmente, tendo en conta a súa condición de “lingua propia de Galiza” (Estatuto de Autonomía, artigo 5), e o establecido nos preceptos aprobados por unanimidade das forzas**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

políticas: Lei de Normalización Lingüística (1983), e Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004).

3. **O pleno do concello acorda adherirse á Plataforma Queremos Galego**, entidade social ampla conformada por colectivos de diferentes ámbitos e por persoas a título individual, que nace da vontade de articular unha ampla resposta popular a prol da lingua propia do noso pobo, o galego; de defensa e afirmación dos usos públicos e dereitos lingüísticos xa garantidos pola actual lexislación; e de progresiva normalización naqueles espazos onde o idioma de noso non goza aínda da presenza desexada. En coherencia con esa decisión. O Concello apoiará activamente as iniciativas sociais promovidas desde esta Plataforma.

4. *Trasladar este acordo plenario ao Parlamento da Galiza, Consellaría de Cultura, Lingua e Xuventude, e á Plataforma Queremos Galego*”.

Continúa o **Sr. Pena** dicindo que cren que o idioma galego está nunha situación de emerxencia e que soamente hai un responsable que é a Xunta de Galicia, que é quen dirixe a política lingüística dende hai 15 anos; o galego perdeu a condición de lingua máis falada e hai ao redor dun 30% da poboación entre 5 e 14 anos non son quen de expresarse en galego.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do grupo municipal do PSOE**, para indicar que o sentido do voto do seu partido vai ser a favor, que se reafirman na defensa da lingua galega, que están traballando neste eido a través do departamento de normalización lingüística; lembra que no pasado mes de decembro o concello se adheriu a asociación de entidades locais pola lingua galega “*Alingua*” a través do programa Clube de Debate, hai un grupo no IES de Ames, que están de acordo que hai que traballar coas novas xeracións que deben tomar o relevo; que o concello está a levar a cabo actuacións en materia lingüística, que se revisan os textos, que o galego está integrado nas tarefas administrativas do día a día sendo a lingua principal e vehicular.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do grupo municipal do PP**, para dicir que o modelo do seu partido é un claro bilingüismo cordial e sen imposicións, que os galegos e galegas xa o falan nas urnas. Continúa dicindo, en relación a adherirse á plataforma que non cre que sexa o momento en que os Concellos deban adherirse, xa que se atopa moi politizada; e neste momento dende a Xunta de Galicia xa se está a traballar nun pacto político-social para a galego; que as imposicións no idioma non son boas e que hai un claro bilingüismo; indica finalmente que o seu voto vai ser en contra da moción presentada polo grupo municipal do BNG.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Responde **don Luís Pena Mosquera, concelleiro portavoz do grupo municipal do BNG**, que a politización das asociacións é o que ten que ser, porque facer política o que se fai no Pleno, é pedir subvención para cousas públicas, é pedir maior financiamento para os servizos, é loitar pola cultura e polo idioma. Indica que a posición ideolóxica do BNG e a do PP respecto ao idioma son moi diferentes.

Concluídas as intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE 10 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D<sup>a</sup>. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez, D<sup>a</sup>. Ángela Piñeiro Carrera e D<sup>a</sup> Manuela García Fachal; e dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2), D. Luis Pena Mosquera e D. Manuel Aaron Curbeira Martínez; e **DOUS VOTOS EN CONTRA (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro, o **ACORDO** seguinte:

1. **Reafirmarnos na defensa da lingua galega**, patrimonio colectivo de incalculábel valor, e no seu dereito inalienábel a ser coñecida e usada pola poboación en calquera circunstancia e lugar, sen discriminación de ningún tipo.

2. O concello revisará a súa actuación en materia lingüística e a adaptará ao previsto legalmente, tendo en conta a súa condición de "lingua propia de Galiza" (Estatuto de Autonomía, artigo 5), e o establecido nos preceptos aprobados por unanimidade das forzas políticas: Lei de Normalización Lingüística (1983), e Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004).

3. **O pleno do concello acorda adherirse á Plataforma Queremos Galego**, entidade social ampla conformada por colectivos de diferentes ámbitos e por persoas a título individual, que nace da vontade de articular unha ampla resposta popular a prol da lingua propia do noso pobo, o galego; de defensa e afirmación dos usos públicos e dereitos lingüísticos xa garantidos pola actual lexislación; e de progresiva normalización naqueles espazos onde o idioma de noso non goza aínda da presenza desexada. En coherencia con esa decisión. O Concello apoiará activamente as iniciativas sociais promovidas desde esta Plataforma.

4. Trasladar este acordo plenario ao Parlamento da Galiza, Consellaría de Cultura, Lingua e Xuventude, e á Plataforma Queremos Galego.

#### 4. MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á CELEBRACIÓN DO ANO CASTELAO EN 2025

Toma a palabra **don Luís Pena Mosquera, concelleiro portavoz do grupo municipal do BNG**, que en primeiro lugar quere agradecer o interese demostrado polos grupos políticos







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

para converter esta moción nunha declaración institucional; pero que ao final non puido ser levada a cabo.

Indica que nesta moción se recolle a labor cultural, social, a labor política, o traballo no exilio a favor da democracia nos tempos mais difíciles da ditadura franquista.

A continuación da lectura á moción presentada, que se transcribe a continuación.

### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

*Podemos afirmar, sen ningún xénero de dúbidas, que Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 30 de xaneiro de 1886 - Bos Aires, 7 de xaneiro de 1950) é a principal figura política e cultural da historia contemporánea de Galiza, unha condición que deriva dunha traxectoria vital guiada pola integridade ética, a loita contra todo tipo de discriminacións e desigualdades, a defensa dos dereitos nacionais de Galiza e a militancia no internacionalismo solidario.*

*Todo o pensamento e a obra de Castelao emana do seu compromiso político e social, que o levou a participar activamente nas principais organizacións do nacionalismo galego, primeiro nas Irmandades da Fala (coa asistencia á I Asemblea Nacionalista de Lugo en 1918) e máis tarde, xa no período republicano, coa fundación do Partido Galeguista (1931). A súa obra literaria e artística destes anos é plenamente consecvente coa toma de posición en defensa do país, da cultura, da lingua e das aspiracións de xustiza e liberdade do pobo galego. Nos anos 20 a súa actividade centrouse no ámbito cultural, con creacións senlleiras como Cousas ou o álbum e a exposición Nós, e mediante a participación en iniciativas como o grupo e revista Nós, o Museo de Pontevedra ou o Seminario de Estudos Galegos.*

*Nos anos 30 asumiu cargos de responsabilidade política no Partido Galeguista e exerceu como deputado nas Cortes da República entre 1931-1933 e a partir de abril de 1936. Neste período centrou grande parte dos seus esforzos na expansión do Partido Galeguista e na campaña polo Estatuto de Autonomía, finalmente aprobado en plebiscito popular o 28 de xuño de 1936. Un Estatuto que non vía como un punto de chegada, senón como o primeiro paso para o desenvolvemento do autogoberno de Galiza.*

*Por este firme e inquebrantábel compromiso co seu país, Castelao tivo que pagar un alto prezo. Primeiro co desterro a Badaxoz (1934-1935) decretado polo goberno dereitista de Lerroux. A partir do golpe de Estado fascista de xullo de 1936, momento no que tomou partido en defensa da legalidade republicana e de Galiza, sufrindo unha persecución implacábel materializada nun expediente de responsabilidades políticas, no espolio da súa casa e dos seus bens, nunha multa de 75.000 pesetas que tivo que pagar a súa familia, e na depuración como funcionario público.*

*A persecución e o asasinato dos principais líderes do nacionalismo e do republicanismo galego, compañeiros e amigos seus, marcou fondamente a Castelao. Por iso, a partir de*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

xullo de 1936 un dos obxectivos centrais da súa vida foi a denuncia dos crimes da Ditadura e a lembranza, dignificación e recuperación do exemplo das vítimas da represión franquista. Dese empeño xurdiu a escolla do 17 de agosto, data do asasinato do seu grande amigo Alexandre Bóveda, como Día dos Mártires Galegos-Día da Galiza Mártir. Deste mesmo compromiso naceron neses anos de guerra e exilio os Álbuns da Guerra (Galiza Mártir, Atila en Galiza e Milicianos), as campañas de propaganda na URSS (1938), Estados Unidos e Cuba (1938-1939), e o asentamento definitivo con Virxinia Pereira en Bos Aires a partir de 1940. Malia a derrota e a enfermidade que o consumía pouco a pouco, aínda tivo azos para impulsar a creación da Irmandade Galega (1941), para publicar o libro Sempre en Galiza (1944) e outras obras como Os vellos non deben de namorarse ou As cruces de pedra na Galiza, para promover a fundación do Consello de Galiza (1944), do que foi o primeiro presidente, para pronunciar discursos históricos como o Alba de Gloria (1948), e para defender por todos os medios a aprobación definitiva do Estatuto Galego polas Cortes da República, obxectivo que non chegou a ver realizado plenamente.

Toda a súa vida e a súa obra -depositada na súa maior parte do Museo de Pontevedra pola súa vontade e o empeño persoal de Virxinia Pereira-, constitúen un inmenso legado político e cultural que é preciso administrar e divulgar, facendo que os seus ideais se fagan realidade na Galiza de hoxe.

Temos a obriga de honrar e celebrar a unha das persoas máis senlleiras da historia de Galiza. Temos a obriga de facelo sendo fieis ao seo pensamento, á súa obra e ao seu compromiso político, que constitúen unha unidade indisolúbel. O primeiro presidente de Galiza foi un democrata íntegro e exemplar. Todo o que fixo e dixo Castelao, ao longo da súa vida e en todos os lugares do mundo nos que estivo, foi esencialmente política ao servizo da nación e do pobo galego. Como deixou dito Virxinia Pereira "Toda a arte de Castelao, debuxos, conferencias... son esencialmente política".

Inmediatamente despois da súa morte, o franquismo iniciou a construción dunha versión manipulada de Castelao, enalzando o creador e o artista xenial, e atacando, ocultando ou minimizando a súa traxectoria e obra política. Continuar con esta visión distorsionada, convertelo nun mito desprovisto de ideoloxía e de compromiso político, utilízalo como estandarte en contra dos ideais que defendeu, constitúe unha fraude histórica e unha negación do legado inmenso que nos deixou.

Cando se veñen de cumprir 80 anos da publicación no exilio de Sempre en Galiza e da fundación do Consello de Galiza, considerado o primeiro goberno galego, e cando se Ponte deume presenta a seguinte proposta de **ACORDO**:

1. Solicitar ao Goberno da Xunta de Galiza o recoñecemento de Castelao como primeiro presidente de Galiza, e o Consello de Galiza como o primeiro goberno galego da etapa contemporánea.
2. Apoiar a declaración do 2025 como Ano Castelao.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

3. *Instar ao goberno municipal a impulsar unha programación municipal propia que poña de relevo a dimensión política de Castelao, o seu compromiso con Galiza, a súa obra artística e literaria, e o seu humanismo e internacionalismo solidario*".

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do grupo municipal do PSOE**, para indicar que foi unha mágoa non poder chegar ao acordo de facer unha declaración institucional, pero que o seu grupo non pode apoiar o punto 1 proposto polo BNG xa que a historia "é a que é" e non se pode reescribir, que o Consello de Galiza fundase no ano 1944 no exilio, por dirixentes galegos saídos das urnas no ano 1936 que tiveron que exiliarse, que en ningún momento a cidadanía galega os elixiu, e o Estatuto de autonomía foi aprobado no 1971 e Castelao xa non estaba; indica que por rigor histórico non se pode apoiar e que se o grupo municipal do BNG quere votar por puntos non terían inconveniente.

Continúa dicindo en relación ao punto 3 proposto que o goberno, a través do departamento de cultura xe esta a elaborar unha serie de actividades exclusivas sobre Castelao, pero ademais teñen previsto usar a figura de Castelao de xeito transversal en toda a programación do concello ao longo deste ano.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do grupo municipal do PP**, para reiterar o que dixo a concelleira portavoz do grupo municipal do PSOE a Sra. Bellón; indica que se non se pode votar por puntos o seu voto será en contra.

O portavoz do grupo municipal do BNG, o **Sr. Pena** manifesta que o seu grupo non está disposto a que a moción se vote por puntos.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG** para indicar que a cidadanía non puido nunca votar o goberno no exilio porque se vivía nunha ditadura e non era posible exercer o dereito ao voto; e que a xente do exilio, que foi elixida democraticamente no 1936, continuou a labor que se pretendía co estatuto de autonomía aprobado nese ano, pero que con motivo da guerra civil non puideron facer en territorio español.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** que hai unha diferenza entre un goberno que se exilia, goberno elixido democraticamente pola cidadanía; que por motivos políticos ten que acabar fóra do seu país; e uns deputados que se exilian e conforman eles un goberno no estranxeiro elixindo unha persoa que os representa; pero que en ningún momento a





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ciudadanía galega non votou por ese goberno nin por esa persoa que o representa; indica que outra cousa é que como defensa dos intereses dos galegos demócratas naquel momento ou nunha visión autonomista de Galicia pois se elixiran como tal. Indica que é máis un tema formal que unha cuestión histórica, e é por isto pola que o voto do seu grupo vai ser abstención.

Neste momento prodúcese un intercambio de opinións para poder salvar o punto 1, sen chegar a ningún acordo entre os grupos políticos.

Concluídas as intervencións sométese a votación a moción presentada, resultando o seguinte: **DOUS VOTOS A FAVOR (2)** dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2), D. Luis Pena Mosquera e D. Manuel Aaron Curbeira Martínez, **DOUS VOTOS EN CONTRA (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro; e **OITO ABSTENCIÓNS (8)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D<sup>a</sup>. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez, D<sup>a</sup>. Ángela Piñeiro Carrera e D<sup>a</sup> Manuela García Fachal.

### 5. MOCIÓN DO PSOE: SOLICITANDO A CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA AUTONÓMICA AC-151

*Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do grupo municipal do PSOE**, que da lectura á moción presentada, que se transcribe a continuación.*

#### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A través da parroquia eumesa de Andrade, concretamente no tramo situado entre os lugares de O Cruceiro e Os Loureiros, discorre a estrada autonómica AC-151.*

*Trátase dunha vía que comunica o noso Concello co de Vilarmaior e que conta con numerosas vivendas a ámbalas dúas marxes da calzada, así coma unha sala de festas, que congrega cada fin de semana a centenas de persoas, co que afluencia de vehículos na zona é moi elevada.*

*Na actualidade, a mencionada estrada carece de beirarrúas, polo que tanto os residentes, coma os visitantes, teñen que transitar polo “arcén” da mesma, poñendo en perigo a súa integridade física, posto que ademais da afluencia elevada de vehículos citada con*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

anterioridade, debemos destacar tamén a excesiva velocidade á que moitos deles circulan, dado o seu ancho, firme e trazado.

Por este motivo, e a fin de garantir a seguridade dos peóns nesa zona, compre dotar á mesma dunhas beirarrúas similares ás construídas nestes últimos anos pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade en estradas da súa competencia ao seu paso polos Concellos de Mugardos, Curtis, Oza- Cesuras ou Laxe, entre outros.

Compre lembrar ademais, que esta petición ven respaldada pola Asociación de Veciños "Mariano Ruíz" de Andrade, así coma por moitos veciños e veciñas da zona, que son os que máis padecen esta situación de inseguridade dende hai anos e seguen sen obter resposta a esta demanda urxente a pesares de ser trasladada en reiteradas ocasións por este grupo municipal

Por todo exposto, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Ponte deume, propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

### ACORDOS:

1º.-O Concello de Ponte deume solicita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a construción de beirarrúas na AC-151, ao seu paso pola parroquia eumesa de Andrade.

2º.- O Concello de Ponte deume solicita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que se convoque ao Alcalde-Presidente deste municipio e ao representante da AVV Mariano Ruíz de Andrade, a un encontro con persoal directivo e técnico da mesma, para abordar os detalles do futuro proxecto".

Indica a **Sra. Bellón** que está moción xa foi presentada ante este Pleno hai aproximadamente ano e medio pero que non tiveron resposta por parte da Xunta de Galicia e que por iso a volven a traer.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación a moción presentada, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (8 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o ACORDO seguinte:

1. O Concello de Ponte deume solicita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a construción de beirarrúas na AC-151, ao seu paso pola parroquia eumesa de Andrade.
2. O Concello de Ponte deume solicita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que se convoque ao Alcalde-Presidente deste municipio e ao representante da AVV Mariano Ruíz de Andrade, a un encontro con persoal directivo e técnico da mesma, para abordar os detalles do futuro proxecto



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### 6. MOCIÓN DO PSOE: PETICIÓN A XUNTA DE GALICIA DA COLOCACIÓN DE POSTES INTELIXENTES NAS PARADAS DE AUTOBÚS.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do grupo municipal do PSOE**, que da lectura á moción presentada, que se transcribe a continuación.

“Ante a problemática que supón a escaseza e variación nos horarios do transporte público e dentro do concepto de mobilidade sostible, Ponte deume precisa dunha modernización do seu servizo de información sobre as liñas de transporte público, dado que a principal fonte de consulta para as persoas usuarias, ademais do teléfono móbil, son as propias marquesiñas que, ademais de ser eficientes han de servir para proporcionar datos. Estes carteis informativos, dispositivos intelixentes, situaranse, nas paradas e mostrarán non só detalles sobre as liñas de autobús senón información doutros servizos para convertelos en espazos para agardar ao transporte público en condicións de comodidade. O mobiliario deberá estar deseñado para resistir ás inclemencias meteorolóxicas, e a posibles actos de vandalismo e incluírán os seus propios paneis solares que permitirá sérem alimentados exclusivamente con enerxía solar.

#### **POR TODO O ANTERIORMENTE EXPOSTO, URXE:**

Á Dirección Xeral de Mobilidade na súas funcións de impulso, xestión e coordinación das políticas nos ámbitos da planificación, financiamento e ordenación do transporte e

#### **SOLICITA:**

1. A colocación de postes intelixentes informativos para a mellora da mobilidade e o transporte público nos refuxios para a espera de autobuses.:

É competencia da Xunta de Galicia que ao abeiro do establecido no artigo 2 da Lei 10/2016, do 19 de xullo, de Medidas Urxentes para a Actualización do Sistema de Transporte Público de Galicia, e dentro do Plan de Transporte Público que ten como obxectivo conectar a persoas, actividades e áreas urbanas que o transporte público se converta nunha ligazón social e un dos puntos crave para axudar coa protección do medio ambiente. Polo que coidamos que a nosa petición está dentro das súas responsabilidades e proporcionará información, en tempo real, incidencias e servizos adaptados ás necesidades da nosa poboación ao tempo que potenciamos o transporte público como unha alternativa sostible fronte ao transporte particular e contribuímos á vertebración territorial da Comunidade Autónoma.

#### **ESTA CORPORACIÓN LOCAL ACORDA:**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

- *Solicitar formalmente á Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Mobilidade, postes intelixentes informativos para a mellora da mobilidade e o transporte público en todas as paradas de transporte público do Concello”.*

Continúa a **Sra Bellón** dicindo que nas paradas dos autobuses pódense ver, algúns días, non sempre uns papeis informativos das rutas e horarios, cuadrantes de información difíciles de entender. Entenden que os paneis informativos son beneficiosos para as persoas usuarias do servizo

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Pregunta **don Luís Pena Mosquera, concelleiro portavoz do grupo municipal do BNG**, cal é o punto de acordo da moción, xa que non ve moi clara a redacción.

Responde a Sr. Bellón que é:

“Solicitar formalmente á Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Mobilidade, postes intelixentes informativos para a mellora da mobilidade e o transporte público en todas as paradas de transporte público do Concello”.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera, concelleiro portavoz do grupo municipal do BNG**, que propón que se inclúa un punto máis ao acordo que inclúa a mellora na implementación do plan de transporte que sería o seguinte: “Solicitar a Xunta de Galicia e a Dirección Xeral de Mobilidade a mellora na implementación do plan de transporte público que ten como obxectivo que ten como obxectivo conectar a persoas, actividades e áreas urbanas, que o transporte público se converta nunha ligazón social e un dos puntos clave para axudar coa protección do medio ambiente”.

Indica **dona Alejandra Bellón Tenreiro**, que en decembro estiveron ca directora xeral de transporte xunto con outros concellos e quedaron en citarnos para unha nova reunión para falar de todos os problemas que existen co problema do transporte.

Todos os grupos políticos acordan engadir o punto proposto polo concelleiro do BNG, sendo os acordos, que se someterán a votación os seguintes.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1. Solicitar formalmente á Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Mobilidade, postes intelixentes informativos para a mellora da mobilidade e o transporte público en todas as paradas de transporte público do Concello.

2. Reiterar a Xunta de Galicia e a Dirección Xeral de Mobilidade a mellora na implementación do plan de transporte público que ten como obxectivo que ten como obxectivo conectar a persoas, actividades e áreas urbanas, que o transporte público se converta nunha ligazón social e un dos puntos clave para axudar coa protección do medio ambiente.

Sen intervencións sométese a votación a moción enmendada coa inclusión do novo punto de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (8 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o **ACORDO** seguinte:

1. Solicitar formalmente á Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Mobilidade, postes intelixentes informativos para a mellora da mobilidade e o transporte público en todas as paradas de transporte público do Concello.

2. Reiterar a Xunta de Galicia e a Dirección Xeral de Mobilidade a mellora na implementación do plan de transporte público que ten como obxectivo que ten como obxectivo conectar a persoas, actividades e áreas urbanas, que o transporte público se converta nunha ligazón social e un dos puntos clave para axudar coa protección do medio ambiente.

### 7. MOCIÓN DO PP SOBRE O SUPERÁVIT ORZAMENTARIO 2024

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do grupo municipal do PP**, que da lectura á moción presentada, que se transcribe a continuación.

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente encontrámonos en situación de prórroga dos Presupostos Xerais do Estado do ano 2023, debido a que non se aprobou unha nova Lei de Presupostos Xerais para o ano 2025, nin se definiron os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira para este ano.

Neste contexto, as entidades locais, descoñecen a situación na que quedan as Regras Fiscais para o ano 2025 e por tanto descoñecen como se aplicará o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira en relación co







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

destino do superávit orzamentario, así como a posibilidade de destinar o superávit do ano 2024, ao establecido na Disposición Adicional Sexta da mencionada Lei Orgánica.

Dada a actual situación financeira dos concellos e o retraso do Goberno de España en abordar o novo sistema de financiación autonómica para que unha vez establecido este, pactar o novo sistema de financiación local que permita ás entidades locais facer fronte ao incremento dos prezos dos gastos correntes así como do capítulo de persoal e prestación de servizos aos cidadáns, é imprescindible determinar canto antes “os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira que serían de aplicación ás entidades locais no caso de que non se aproben os novos obxectivos para el ano 2025”.

Neste contexto, é necesario que os concellos poidan destinar o superávit do ano 2024 nas mesmas condicións que o ano anterior, nos termos que establece a disposición adicional sexta, que regula una serie de regras especiais para o destino do superávit orzamentario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou á amortización de débeda.

Polo exposto, solicitamos:

Instar ao Goberno de España a que aprobe un Real Decreto Lei que permita a prórroga do destino do superávit do ano 2024, para as entidades locais no ano 2025, nos termos que establece a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, que regula unha serie de regras especiais para o destino do superávit presupostario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou a amortización de débeda”.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra dona **Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do grupo municipal do PSOE** que propón a seguinte emenda: *Instar ao Partido Popular a iniciar negociacións inmediatas co Goberno de España para aprobar o teito de gasto e a senda de estabilidade plurianual e a continuación entablar as conversas para sacar canto antes os orzamento xerais do estado do 2025; transmitir este acordo a FEMP e pedirlle tamén que colabore para que saían adiante estas iniciativas que se consideran de máximo interese para os concellos de toda España.*

Indica a **Sr. Bellón**, que a moción presentada polo grupo municipal do PP é unha consecuencia directa da actuación do partido popular no congreso dos Deputados.

Toma a palabra don **Luis Pena Mosquera, concelleiro portavoz do grupo municipal do BNG**, para dicir que a moción di que non hai uns obxectivos financeiros nin unha regra de gasto, pero sí que hai obxectivos que se levaron ao congreso para a súa votación e o PP votou en contra deles; indica que si están de acordo en que os concellos están





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

infr FINANCIADOS, que xa se falou moitas veces neste Pleno da infr FINANCIACIÓN de servizos básicos que dependen da Xunta de Galicia, e da o dato de que dos 620 millóns que destina a Xunta de Galicia aos concellos só o 20 % van por liñas equilibradas e xustas; o resto 80 % (509 millóns) van por subvención con criterios “que xa se sabe como son”. Polo tanto, di que o seu voto vai ser a abstención.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para indicar que o tema do financiamento é moi certo, que se da como se quere e cita como exemplo a primeira subvención a que se presentou o concello neste novo ano 2025 era por concorrencia non competitiva, por orde de chegada; fallou a sinatura do funcionario que a estaba tramitando e presentouse as 12:12 minutos, non chegando a tempo, xa que por outros anos se sabe que nun par de minutos se esgota o crédito.

Continúa dicindo que un alcalde ou alcaldesa non pode ir mendigando polas administracións pedindo os cartos que saen dos impostos dos veciños, o goberno de España ten que sacar unha lexislación que garanta o reparto obxectivos dos recursos aos concellos independente de quen goberna, nin que haxa que pedilo; indica que como os concellos non teñen presenza en medios e a FEMP non funciona para isto, non fai forza e así levamos cunha lei da etapa pre-democrática e cun sistema de financiamento que é unha miseria, indica que se lles obriga a asumir competencia impropias sen os recursos necesarios. O Goberno de Galicia debe de establecer un criterio de reparto xusto dos seus recursos

Indica o **Sr. Presidente** que é benvida a moción pero que non comparten a totalidade da exposición de motivos, pero o que importa son os acordos, e se o PP está de acordo en aceptar a emenda presentada, establecéndoa como punto 1 e logo punto 2 o proposto polo grupo PP, que o seu voto vai ser a favor.

Indica a **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira do PSOE** que están de acordo coas peticións que se están a facer.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do grupo municipal do PP** para indicar que él non sempre casa coa opinión do seu partido, que teñen claro que para eles o máis importante son os veciños, o sentido da moción é que os cartos son dos veciños e que teñen que ser eles os beneficiarios.

O grupo municipal do PP acepta a emenda á moción presentada polo grupo municipal do PSOE, sendo resultado final da parte resolutiva da moción o seguinte:

*“Polo exposto, solicitamos:*

*1. Instar ao Partido popular a iniciar as negociacións inmediatas co Goberno de España para aprobar o teito de gasto e a senda de estabilidade plurianual e, a continuación,*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

entablar as conversas para sacar adiante, canto antes os orzamentos xerais do Estado de 2025.

2. Instar ao Goberno de España a que aprobe un Real Decreto Lei que permita a prórroga do destino do superávit do ano 2024, para as entidades locais no ano 2025, nos termos que establece a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, que regula unha serie de regras especiais para o destino do superávit presupostario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou a amortización de débeda.

3. Dar traslado a FEMP e pedirlle tamén que colabore para que saian adiante estas iniciativas que este Pleno considera do máximo intereses para os concellos de toda España”.

Concluídas as intervencións sométese a votación a moción enmendada coa inclusión dos puntos de acordo propostos polo partido municipal do PSOE, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE 10 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D<sup>a</sup>. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez, D<sup>a</sup>. Ángela Piñeiro Carrera e D<sup>a</sup> Manuela García Fachal; e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2), D. Luís Pena Mosquera e D. Manuel Aaron Curbeira Martínez; o **ACORDO seguinte**:

1. Instar ao Partido popular a iniciar as negociacións inmediatas co Goberno de España para aprobar o teito de gasto e a senda de estabilidade plurianual e, a continuación, entablar as conversas para sacar adiante, canto antes os orzamentos xerais do Estado de 2025.

2. Instar ao Goberno de España a que aprobe un Real Decreto Lei que permita a prórroga do destino do superávit do ano 2024, para as entidades locais no ano 2025, nos termos que establece a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, que regula unha serie de regras especiais para o destino do superávit presupostario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou a amortización de débeda.

3. Dar traslado a FEMP e pedirlle tamén que colabore para que saian adiante estas iniciativas que este Pleno considera do máximo intereses para os concellos de toda España.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

8. MOCIÓN DO PP SOBRE A DECLARACIÓN DO 2025 COMO “ANO CASTELAO” CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO 75 ANIVERSARIO DO SEU PASAMENTO.

*Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do grupo municipal do PP**, que da lectura á moción presentada, que se transcribe a continuación.*

### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*En 2025, cúmprese o 75 aniversario do pasamento de Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao, un dos persoeiros máis coñecidos e recoñecidos por todas as galegas e galegos e figura senlleira da nosa cultura e política.*

*Existe un amplo consenso sobre a necesidade de conmemorar a súa figura e o valor que o pobo galego lle ten outorgado ata o punto de ser escollido como un dos seus símbolos.*

*Consecuentemente a Xunta de Galicia vén de declarar o 2025 como “Ano Castelao” e desde diversos ámbitos institucionais, así como numerosas entidades do tecido socio-cultural galego están a organizar unha ampla programación para enxalzar as importantes achegas deste intelectual galeguista en todos os eidos.*

*A grandeza deste persoeiro polifacético xa foi recoñecida en diversas ocasións entre elas, dedicóuselle o segundo ano do Día das Letras Galegas en 1964 e homenaxeado sucesivamente nos 25 e 50 anos da súa morte, así como infinidade de publicacións, actos e iniciativas diversas que se celebran con asiduidade co fin de poñer en valor a vida e obra dun dos nosos persoeiros con maior representación simbólica para o noso pobo.*

*Os seus textos, debuxos, pinturas e demais creacións artísticas, o legado cultural e intelectual do escritor rianxeiro, e o seu traballo activo polo prestixio da literatura, cultura e lingua galegas, sitúano como unha das nosas figuras máis sobranceiras das letras en particular e da nosa sociedade en xeral.*

*Tamén no ámbito político Castelao está recoñecido como un dos partícipes directos do proceso de aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1936. Así o Parlamento de Galicia decidiu por unanimidade retornar os seus restos para ser enterrado no Panteón de galegas e galegos ilustres en San Domingos de Bonaval o 28 de xuño de 1984, ou celebrar o acto conmemorativo en 2024 de “Castelao primeiro presidente do Consello de Galiza” polo 80º Aniversario da súa constitución en Montevideo.*

*Castelao convócanos sempre e únenos a todas e todos e por iso estimamos conveniente que desde a Corporación Municipal manifestemos un apoio expreso á declaración do 2025 como “Ano Castelao” e ás achegas deste intelectual galeguista tanto no eido da política como da cultura.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Polo exposto, solicitamos:*

*O Pleno da Corporación Municipal de Ponte deume expresa o seu apoio á declaración do 2025 como Ano Castelao co gallo da conmemoración do 75 aniversario do seu pasamento e como mostra de gratitude do pobo galego a esta importante figura senlleira da nosa cultura e política". ,*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do grupo municipal de PSOE**, que si están de acordo co recoñecemento do ano 2025 como ano Castelao, pero que a exposición de motivos é moi curiosa e indica que é unha mágoa que non se recoñecera a figura no seu debido tempo cando ocorreu o seu pasamento, que o goberno daquel momento intentou minimizar a súa figura durante moito tempo. Engade que *"rectificar é de sabios"*.

Toma a palabra **don Luís Pena Mosquera, concelleiro portavoz do grupo municipal do BNG**, que di que lles parece ben que se aprobe a moción, pero non é unha moción que recolla a figura senlleira que foi Castelao, non recolle a súa política, o seu traballo durante a ditadura, o extenuante traballo no exilio, non recolle a figura política de Castelao e non recolle esa necesidade de recuperar a memoria democrática da que todos están tan orgullosos. Indica que recoñecen que non teñen nada en contra da moción, pero como a consideran incompleta o seu voto vai ser a abstención.

Concluídas as intervencións sométese a votación a moción presentada, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE 10 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D<sup>a</sup>. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez, D<sup>a</sup>. Ángela Piñeiro Carrera e D<sup>a</sup> Manuela García Fachal; e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2), D. Luís Pena Mosquera e D. Manuel Aaron Curbeira Martínez; o **ACORDO seguinte**:

O Pleno da Corporación Municipal de Ponte deume expresa o seu apoio á declaración do 2025 como Ano Castelao co gallo da conmemoración do 75 aniversario do seu pasamento e como mostra de gratitude do pobo galego a esta importante figura senlleira da nosa cultura e política

### 9. ASUNTOS DE URXENCIA.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Non se presentaron asuntos de urxencia.

10. DAR CONTA REMISIÓN INFORMACIÓN MINISTERIO PMP E LEI DE MOROSIDADE 4 TRIMESTRE DE 2024.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

### **“PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN**

#### **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN 8/2025 DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE 2024.**

(Expediente TEdC: 2025/X999/000018)

Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:

“(…) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.

5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas. (...)”

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.-** Dar conta do informe de Intervención de referencia 08/2025, de asunto: “Comunicación de cumprimento da remisión de información ao Ministerio en relación coa morosidade e período medio de pagamento correspondentes ao cuarto trimestre de 2024”



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN**.

### 11. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES

Non se presentaron mocións urxentes.

### 12. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### “PROPOSTA DACIÓN DE CONTA

#### **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA DITADAS NO PERÍODO DO 19 DE DECEMBRO DO 2024 AO 24 DE XANEIRO DE 2025 NA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 30 DE XANEIRO DE 2025**

Expediente TEdC: 2025/G006/000023

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **797/2024** de 19 de decembro ao **28/2024** de 24 de xaneiro de 2025, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2024/G003/000836	ADXUDICACIÓN TUBAXES	00797/2024	19-12-2024 13:07
2024/G003/000889	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 26, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 12. AREA DE GASTO 1. PERSOAL.-	00798/2024	19-12-2024 13:05
2024/G003/000887	LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS-SEGUROS SOCIAIS NOVEMBRO 2024	00799/2024	20-12-2024 08:58
2024/G003/000886	LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS-MODELO 111-115 IRPF NOVEMBRO 2024	00800/2024	20-12-2024 08:59
2024/G003/000893	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO 26 DE DECEMBRO DE 2024	00801/2024	20-12-2024 12:06



**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2024/G003/000885	LISTAXES PROVISIONAIS DE ADMITIDAS/OS E LISTA DE ESPERA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL . CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE NOVIEMBRE 2024. CURSO 2024-2025	00802/2024	20-12-2024 14:20
2024/G003/000880	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI 99500000033937	00803/2024	23-12-2024 12:02
2024/G003/000879	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI 99500000033862	00804/2024	23-12-2024 12:02
2024/G003/000869	SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN INSCRIPCIÓN TALLERES CULTURALS CURSO 2024/2025	00805/2024	23-12-2024 12:02
2024/G003/000895	AUTORIZACIÓN DE TRASPASO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA E DEREITO DE USO DE POSTO N.º 15 "CHACINERÍA" NO MERCADO MUNICIPAL PONTEDEUME (EXPEDIENTE TEDEC: 2019/C006/000001)	00806/2024	23-12-2024 12:02
2024/G003/000860	APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, MES DE NOVIEMBRE 2024	00807/2024	23-12-2024 12:02
2024/G003/000873	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI 99500000033719	00808/2024	23-12-2024 12:02
2024/G003/000878	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI 99500000033798	00809/2024	23-12-2024 12:04
2024/G003/000890	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 27. XERACIÓN DE CRÉDITO 12. POS+2024 AD2 Y 3.-	00810/2024	23-12-2024 12:04
2024/G003/000898	SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN SERVIZO DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL MADRUGADORAS/MADRUGADORES CURSO 2024/2025	00811/2024	23-12-2024 12:04
2024/G003/000896	COTA ASOCIACIÓN EUROEUME, ANUALIDADE DE 2024	00812/2024	23-12-2024 13:18
2024/G003/000894	RENOVACIÓN DE TUBAXE DE ABASTECIMENTO NA AVENIDA RICARDO SÁNCHEZ (POS + AD 2.2024) <a href="https://we.tl/t-wtptg36i3c">HTTPS://WE.TL/T-WTPTG36I3C</a>	00813/2024	23-12-2024 13:18





**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2024/G003/000902	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 26.12.2024	00814/2024	23-12-2024 15:16
2024/G003/000900	SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN INSCRICIÓN TALLERES CULTURAIS CURSO 2024/2025	00815/2024	23-12-2024 15:16
2024/G003/000858	DEC. ADX. SERVIZO DE REDACCIÓN MODIFIC. PUNTUAL PXOM. ÁMBITO UNC-14	00816/2024	23-12-2024 15:40
2024/G003/000840	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE ESTUDO DAS VIVENDAS TURÍSTICAS NO CONCELLO DE PONTEDEUME	00817/2024	23-12-2024 15:40
2024/G003/000901	IMPUTACIÓN A PROXECTO DE GASTO FACTURAS SUBMINISTRO ENERXÍA ELÉCTRICA	00818/2024	26-12-2024 11:40
2024/G003/000897	REQUIRIMENTO DE PAGO DA ACHEGA DO CONCELLO EN VIRTUDE DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA	00819/2024	26-12-2024 11:40
2024/G003/000904	EXCEDENCIA POR SERVIZOS NOUTRA ADMINISTRACIÓN MTTL	00820/2024	26-12-2024 13:18
2024/G003/000868	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/41.	00821/2024	26-12-2024 13:18
2024/G003/000903	RECTIFICACIÓN DECRETO SEGUROS SOCIAIS NOVEMBRO 2024	00822/2024	26-12-2024 13:18
2024/G003/000906	IMPUTACIÓN A PROXECTO DE GASTO - CONCURSO DE ANIMACIÓN Á LECTURA MARIA MOLINER	00823/2024	26-12-2024 15:13
2024/G003/000911	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1/FINAL DA OBRA -REPARACIÓN DE CAMIÑOS EN CABRÍA VELLA E OUTROS-. OBRAS MUNICIPAIS	00824/2024	27-12-2024 10:35
2024/G003/000913	PRÓRROGA DO ORZAMENTO DE 2024 A 2025.	00825/2024	27-12-2024 13:46
2024/G003/000916	PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN	00826/2024	27-12-2024 13:46



**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2024"		
2024/G003/000914	PAGO A XUSTIFICAR – SUBSCRICIÓN SERVICIO DE APARTADO POSTAL DO XULGADO DE PAZ DE PONTEDEUME	00827/2024	27-12-2024 13:50
2024/G003/000905	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DAS SUBVENCIÓNS POR CONCORRENCIA COMPETITIVA A ENTIDADES DEPORTIVAS (2023-24).	00828/2024	27-12-2024 14:56
2024/G003/000910	LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS-SEGUROS SOCIAIS NOVEMBRO 2024	00829/2024	27-12-2024 14:56
2024/G003/000899	ADHESIÓN Á REDE DE DESTINOS TURÍSTICOS INTELIXENTES (DTI)	00830/2024	27-12-2024 14:56
2024/G003/000892	DECRETO APROBACIÓN CONVENIO PERAS 2024	00831/2024	28-12-2024 23:39
2024/G003/000919	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 28. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 13. VARIAS ÁREAS DE GASTO.	00832/2024	28-12-2024 23:39
2024/G003/000917	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN ÚNICA DA OBRA -IMPERMEABILIZACIÓN DE NICHOS DO CEMITERIO DE BREAMO-. OBRAS MUNICIPAIS.	00833/2024	30-12-2024 09:02
2024/G003/000912	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN PRIMEIRA E ÚNICA DA OBRA - RENOVACIÓN DE SANEAMENTO E PLUVIAIS NA AVENIDA DE FERROL-. OBRAS MUNICIPAIS.	00834/2024	30-12-2024 09:02
2024/G003/000759	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 3 E 4 DA OBRA: AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME. POS + ADICIONAL 2/2021.	00835/2024	30-12-2024 09:02
2024/G003/000681	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 2- SEGUNDA DA OBRA -AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME, NOGUEIROSA-. POS+ADICIONAL 2/2021.	00836/2024	30-12-2024 09:02
2024/G003/000908	TRAMITACIÓN DE DECRETOS NOMEAMENTO ACCIDENTAL SECRETARIA	00837/2024	30-12-2024 09:05
2024/G003/000918	AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL	00838/2024	30-12-2024 09:50
2024/G003/000923	TESOURERÍA: LIQUIDACIÓNS MESAS	00839/2024	30-12-2024



**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	E CADEIRAS 2023		10:09
2024/G003/000915	BASES AXUDAS SOCIAIS PERSOAL LABORAL E FUNCIONARIO, ANOS 2021 E 2022.	00840/2024	30-12-2024 10:09
2024/G003/000907	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/42 (ELÉCTRICAS E COMPENSACIÓNS RECTIFICATIVAS).-	00841/2024	30-12-2024 15:03
2024/G003/000921	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/43.-	00842/2024	30-12-2024 15:44
2024/G003/000922	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1/FINAL -REPARACIÓN CAMIÑOS CABRÍA VELLA E OUTROS-. OBRAS MUNICIPAIS.	00843/2024	30-12-2024 18:47
2024/G003/000924	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1/FINAL DA OBRA -APARCAMENTO RÚA EMPEDRADO-. OBRAS MUNICIPAIS	00844/2024	30-12-2024 18:47
2024/G003/000920	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 PRIMEIRA E ÚNICA DA OBRA - REFORMA DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA DO ALUMADO PÚBLICO GRUPO VIVENDAS BOAVISTA - RÚA EDUARDO PONDAL.	00845/2024	30-12-2024 18:47
2024/G003/000909	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 5- QUINTA DA OBRA -AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA). POS+ADICIONAL 2/2021.	00846/2024	30-12-2024 18:47
2024/G003/000925	DECRETO PAGO 90% CONVENIO PERAS 2024	00847/2024	31-12-2024 11:11
2025/G003/000001	DELEGACIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA MANDATO CORPORATIVO 2023-2027. PERIODO: DO 3 AO 13 DE XANEIRO (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)	00001/2025	02-01-2025 14:55
2024/G003/000882	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO DR 24467/2024	00002/2025	07-01-2025 10:29
2025/G003/000002	SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN SERVIZO DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL MADRUGADORAS/MADRUGADORES CURSO 2024/2025	00003/2025	07-01-2025 10:27
2025/G003/000003	TRAMITACIÓN DE DECRETOS-	00004/2025	08-01-2025



**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL 9 E 10 DE XANEIRO DE 2025		09:57
2025/G003/000004	SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 09-01-2025	00005/2025	08-01-2025 12:16
2025/G003/000006	SOLICITUDE SUBVENCIÓN DINAMIZACIÓN DA LECTURA. LER CONTA MOITO	00006/2025	09-01-2025 19:02
2025/G003/000007	TRAMITACIÓN DE DECRETOS-AMPLIACIÓN PERÍODO DESFRUTE VACACIÓN E ASUNTOS PROPIOS ANO 2024	00007/2025	10-01-2025 11:35
2025/G003/000011	RENOVACIÓN CERTIFICADO SEDE ELECTRÓNICA	00008/2025	10-01-2025 13:32
2024/G003/000872	PAGAMENTO VOLUNTARIO DA SANCIÓN VERQUIDO RÍO LONGO. EXPEDIENTE DH.D15.105065 DEPURADORA CHAO DE OMBRE	00009/2025	10-01-2025 13:36
2025/G003/000012	SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN INSCRICIÓN TALLERES CULTURAI CURSO 2024/2025	00010/2025	10-01-2025 13:38
2025/G003/000018	SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN INSCRICIÓN TALLERES CULTURAI CURSO 2024/2025	00011/2025	16-01-2025 14:35
2025/G003/000016	LISTAXES DEFINITIVAS DE ADMITIDAS/OS E LISTA DE ESPERA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE NOVIEMBRE 2024. CURSO 2024-2025	00012/2025	16-01-2025 14:35
2025/G003/000020	SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN INSCRICIÓN TALLERES CULTURAI CURSO 2024/2025	00013/2025	16-01-2025 14:35
2025/G003/000008	RENUNCIA PILAR VÁZQUEZ MARTÍNEZ. VENDA DIRECTA DE PRODUTOS PRIMARIOS POLAS PERSOAS PRODUTORAS Á PERSOA CONSUMIDORA FINAL EMPRAZADAS NAS INSTALACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL.	00014/2025	16-01-2025 14:35
2025/G003/000019	SOLICITUDE SUBVENCIÓN IMPACTOS	00015/2025	17-01-2025



**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	PAISAXÍSTICOS		11:29
2025/G003/000021	LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS MODELO 111 IRPF DECEMBRO 2024	00016/2025	17-01-2025 14:38
2025/G003/000013	ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA: EXPEDIENTE DE LICENZA URBANÍSTICA DE EDIFICIO EN RICARDO SÁNCHEZ 19. REFERENCIA CATASTRAL 7764103NJ6076S	00017/2025	22-01-2025 10:39
2025/G003/000026	AUTORIZACIÓN PRÓRROGA SERVIZO ASJM	00018/2025	22-01-2025 10:39
2025/G003/000025	SOLICITUDE A NOME DE CPD. EXCEDENCIA POR INCOMPATIBILIDADE SECTOR PÚBLICO.	00019/2025	22-01-2025 10:39
2025/G003/000023	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI 99500000034107	00020/2025	22-01-2025 10:39
2025/G003/000022	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI 99500000034032	00021/2025	22-01-2025 10:39
2025/G003/000024	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO DR 22335-2024	00022/2025	22-01-2025 10:39
2025/G003/000015	SOLICITUDE SUBVENCIÓN COMPRA DE LIBROS PARA A BIBLIOTECA	00023/2025	22-01-2025 10:39
2025/G003/000028	RENOVACIÓN CERTIFICADO SELO ELECTRÓNICO PONTEDEUME- APLICACIÓNS TRIBUTARIAS	00024/2025	22-01-2025 10:43
2025/G003/000005	RESOLUCIÓN INDEMNIZACIÓN TRABALLADOR PLCB	00025/2025	22-01-2025 14:40
2025/G003/000032	SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DE PLENO DE DÍA 27.01.2025	00026/2025	22-01-2025 15:36
2025/G003/000031	DECRETO CONVOCATORIA CIAEF DÍA 27-11-2025	00027/2025	22-01-2025 15:36
2025/G003/000034	RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL EXPEDIENTE DE ANULACIÓN LIQUIDACIÓN LIXO	00028/2025	24-01-2025 10:17

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN.**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### 13. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

#### 13.1. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

O grupo municipal do BNG presenta para o pleno do día 30.01.2025 as seguintes preguntas:

**Pregunta 1. GASTOS EN MEDIOS.** Cal foi o gasto ou pagos realizados en materia de publicidade e subvención do Concello nos medios de comunicación nos anos 2023 e 2024?

**Resposta do Goberno:** Subvencións ningunha. Os gastos nos medios de comunicación en materia de publicidade ascenden a : 16500 euros no 2023 e 16900 euros no 2024

Os gastos en publicidade nos medios corresponden a promoción dos distintos eventos nos medios de comunicación ( prensa escrita e radio) , festas, e actividades realizadas no concello de Ponte deume así como a promoción comercial da campaña “ Merca en Ponte deume”

**Pregunta 2. GASTO NA FEIRA DO LIBRO.** Cal foi o gasto que realizou o Concello na organización da Vila do Libro en Ponte deume?

**Resposta do Goberno:** O gasto da I Edición de Vila do Libro foi o seguinte: 34815 correspondentes a Deseño e realización das xornadas de análise da Vila do Libro 16-17 marzo, Planificación e realización da I Edición da Vila do Libro, Lona Vila do Libro, Apertura e custodia sala de exposicións Vila do Libro(27/08-01/09), Faldón publicitario Vila do Libro La Voz de Galicia, Xestión de comunicación, publicidade e promoción Vila do libro

**Pregunta 3. COBRO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS.** Tivemos constancia de que existen actividades deportivas do Concello sen pasar a cobro dende hai varios meses. Que ten pensado facer o concello para solucionar isto? Cando se pase a cobro, a tratarse de varios meses, daranse facilidades de pago para as persoas que deban pagar varios meses?

**Resposta do Goberno.** O atraso no cobro dos recibos durante os últimos meses débese a unha incidencia relacionada cos programas de xestión de cobros e totalmente allea ao Concello de Ponte deume. Esta situación está a ser tratada coas entidades correspondentes para acadar unha solución o antes posible.

En canto ao pagamento acumulado de varios meses, procederase nas vindeiras datas ao cobro dos recibos de outubro e novembro e posteriormente cobraranse dúas cotas cada mes ata a posta ao día do cobro. No caso de ser necesario daranse facilidades as persoas que así o precisen.

**Pregunta 4. SENTENCIA POR AGRESIÓN AO ALCALDE.** O alcalde da nosa Vila, foi condenado cunha multa de 180 euros e indemnización de 100 por delito de lesións leves contra unha muller hostaleira de Ponte deume, segundo a sentenza ditada polo Xulgado de



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Primeira Instancia e Instrución número 4 de Betanzos. Presentou o alcalde un recurso a esta sentenza? A parte de recorrer a sentenza, apartarase da política activa mentres non se resolve este trámite xudicial e dará explicacións nun pleno á cidadanía? Segue a ter “confianza cega” na xustiza e dimitirá no caso de que haxa unha condena firme, unha vez se resolva a apelación?

**Resposta do Goberno.** Si, o recurso foi presentado. As explicacións xa foron dadas a través dos medios de comunicación e cando chegue o momento se tomarán as decisións oportunas. Aproveitamos esta pregunta para seguir defendendo a inocencia do alcalde.

**Pregunta 5.** OBRAS PONTE. Cales son as información máis recentes que ten o concello sobre as obras, prazos, horarios de traballo, peche de carrís...?

**Resposta do Goberno.** As que se fixeron públicas recentemente e das que vostedes son coñecedores polos medios de comunicación. A última información que se nos trasladou a ámbolos dous concellos e representantes de UCOA foi que unha vez rematadas as catas estanse a realizar os ensaios no laboratorio para definir o tipo de pilotaxe/inxectado que se vai a realizar de cara a estabilizar os piares da ponte. A previsión que trasladaron desde o ministerio e que os traballos de obra poderían retomarse ao longo do mes de febreiro

**Pregunta 6.** En novembro de 2023 presentamos unha moción para a revisión de honras e distincións e a eliminación de elementos contrarios á memoria democrática. Nesa moción instamos ao goberno local a exercer as súas competencias na eliminación da simboloxía franquista no marco da lei de Memoria Democrática mediante o renomeamento das rúas que leven o nome de persoas vinculadas coa ditadura. Creouse en setembro de 2024o Consello da Memoria Democrática, cal é calendario previsto para convocar este consello?

**Resposta do Goberno.** Nas pasadas semanas estivemos en contacto coa asociación da Memoria Histórica e acordamos convocar unha reunión no mes de febreiro para formalizar a constitución do Consello da Memoria cos representantes designados para cada función dese órgano.

### 13.2. ROGOS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

O grupo municipal do BNG presenta para o pleno do día 30.01.2025 o seguinte rogo:

- Observar símbolos como a bandeira LGTBI é fundamental para a mocidade, xa que lles dá un sentimento de pertenza e aceptación nun mundo que ás veces pode ser exclusivo. Estes símbolos promoven a visibilidade e o respecto á diversidade, axudando a mozas e mozos a sentirse validados na súa identidade. Ademais, fomentan un ambiente de apoio e comprensión, fundamental para o seu benestar emocional e desenvolvemento persoal. En definitiva, estes símbolos son un recordatorio de que todo o mundo merece ser tratado con dignidade e respecto, independentemente da súa orientación sexual ou identidade de



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)


xénero. ROGAMOS a instalación de bancos pintados coa bandeira LGTBI nas proximidades dos centros escolares, parques ou espazos frecuentados pola mocidade.

**Resposta do Goberno.** Sobre o rogo presentado en canto ao pintado de bancos coa bandeira LGTBI chegan tarde. Ese traballo xa foi encargado a finais de ano e serán instalados proximamente . Instalaranse no paseo marítimo nas inmediacións do IES Breamo

### 13.3. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP

O grupo municipal do PP presenta para o pleno do día 30.01.2025 as seguintes preguntas:

**Pregunta 1.** Después de llevar funcionando el nuevo Mercado Municipal 4 años. ¿Cuándo se va acabar la lluz de obra en el nuevo Mercado Municipal de Ponte deume?



**Resposta do Goberno:** Desde hai meses todos os postos do mercado municipal foron contratando a súa subministración eléctrica, quedando a día de hoxe 2 postos que por motivos de atraso na instalación dos contadores por parte da súa compañía eléctrica, aínda non poden dispoñer de subministración propia. En canto estes últimos contadores queden instalados procederase a tramitar a baixa da denominada luz de obra

**Pregunta 2.** El 13 de enero se tuvo una reunión en la casa de la cultura con los de hostelería y comercio para elaborar un proyecto para activar el turismo en Ponte deume, ya que hay una subvención por parte de la Diputación para repartir entre algunos concellos incluidos el nuestro.

-¿A cuánto asciende esta subvención?

-¿Cómo será el reparto de ese dinero entre los concellos y cuales son?







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-¿Cuál es la base o la idea del proyecto en el que se trabaja y cuál es la fecha límite para presentarlo y poder beneficiarse de esa subvención?

**Resposta do goberno.** O 13 de xaneiro tívose unha reunión na casa da cultura cos de hostalería e comercio para elaborar un proxecto para activar o turismo en Ponte deume ,xa que hai unha subvención por parte da Deputación para repartir entre algúns concellos incluídos o noso.

A subvención a que fan referencia é a do Programa de Sostenibilidade Turística en Destinos para entidades locais da convocatoria de 2021 da que foi beneficiaria A Comarca do Eume e na que ademais de Ponte deume están os Concellos de As Pontes, Cabana, A Capela e Monfero. A subvención concedida ten un importe de 1.500.000€ e dentro de ese plan está entre outras a rehabilitación do edificio do Antigo Hospitalillo como novo albergue municipal. A finalidade desa mesa de traballo era a realización dun diagnóstico para recoller mais información sobre os posibles recursos turísticos para o que Esta actuación consistiría na posta en valor de servizos ecosistémicos mediante a creación de roteiros que aproveiten os seus recursos naturais -micolóxicos, florísticos, etc.- de especial interese, situados dentro da demarcación do territorio. O seu obxectivo é xerar un tipo de turismo asociado á natureza que achegue beneficios económicos e contribúa á protección e recuperación do espazo natural, e a creación dunha oferta turística diversificada, redución da estacionalidade e mellora da imaxe. Conta cun orzamento de: 30.000€ se convidou a participar a todos os axentes involucrados dentro de cada un dos concellos, non só a comercio e hostalaría, senón tamén a aloxamentos, axencias de viaxe e empresas adicadas ao sector turístico.

**Pregunta 3.** La cafetería del mercado sigue cerrada siendo una pieza importante en el mercado¿ Nos pueden decir si pueden estimar una fecha para sacar a de una vez a concurso la cafetería?

**Resposta do goberno.** A titular desa concesión presentou a súa baixa por motivos de enfermidade o pasado mes de novembro.

E tendo en conta que xa se estaba a tramitar ese expediente, tras isto, os técnicos municipais accederon ao establecemento ara facer inventario do equipamento do mesmo así como para comprobar o seu estado. A elaboración dos pregos para saír a concurso desta instalación esta a ser realizada actualmente por persoal municipal e a previsión e que ao longo das vindeiras semanas podida estar rematado ese traballo administrativo.

**Pregunta 4.** La acera que está delante del asilo tiene poca luz y la gente que pasa por allí o va a escuchar misa al asilo en horas de poca luz se queja de lo oscuro que está esa zona. ¿Se puede solucionar esto sin mucha demora?. ¿Cuando se va a reponer la barandilla de esta acera?



**Resposta do goberno.** As actuacións que comentan están contempladas dentro do proxecto “MELLORA DE PAVIMENTOS E SERVIZOS NO CAMIÑO ESTREITO E NA MARXE DEREITA DÁ AVENIDA DÁ CORUÑA”. Devandito proxecto foi aprobado en pleno e as obras están a executarse actualmente, pero agardamos que queden solucionadas nas próximas semanas, posto que a día de hoxe non hai ningunha rede de subministro eléctrico que poida, aínda que sexa de forma temporal, habilitar ese servizo cumprindo ca normativa existente

**Pregunta 5.** La Semana Santa son unas fechas de movimiento de gente para hacer turismo. Muchos de los ayuntamientos ya están presentando sus programas como es el de Ferrol aunque somos conscientes que no podemos competir con su programa ¿Se está haciendo algo desde la concejalía de cultura para ofrecer algo alternativo y atractivo para que el turista vea a Ponte deume como otro lugar donde parar?

**Resposta do goberno.** Como cada ano, o Concello de Ponte deume en colaboración coa Confraría das Dores, organiza a programación da semana santa eumesa, que conta xa cunha gran notoriedade dentro das celebracións destas datas na comarca.

A día de hoxe estanse a preparar diferentes actividades dende o departamento de turismo que poñan en valor o noso patrimonio material e inmaterial, sabedores tamén de que os actos litúrxicos son o eixe central da semana santa e precisamente estes actos non se caracterizan pola súa innovación senón pola tradición continuada dos mesmos.

No eido cultural estanse tamén a organizar actividades que ofrezan unha alternativa atractiva dentro sempre do respecto ás celebracións litúrxicas tan representativas da nosa Semana Santa. Algunhas xa realizadas en anos anteriores como a cineteca infantil, exposicións na casa da cultura, actividades lúdicas dende a concellería de deportes e mocidade, etc.

Tan pronto como estén definidas as daremos a coñecer.

**Pregunta 6.** APARCAMIENTO EMPEDRADO. ¿Cuándo se va inaugurar el aparcamiento ¿No se van pintar plazas de verde para residentes?



**Resposta do goberno.** Segundo trasládanos o director de obra e os técnicos municipais, para a apertura do aparcamento é aconsellable esperar máis tempo para que creza a herba e consolidar a celosía de formigón. A zona de residentes está dentro doutra fase de implantación do PMUS. A día de hoxe estamos a espera da emisión dun informe por parte do equipo redactor para definir o ambito de afeccion desa zona verde.

**Pregunta 7. Avd. Raxoi.** ¿Cuándo se van a llevar a cabo a *reforma integral y humanizacion de la avenida de Raxoi?*



**Resposta do Goberno:** O informe da dirección xeral de patrimonio ao proxecto inicial presentado foi desfavorable, realizáronse varias modificacións e volveuse a remitir para a súa valoración que foi novamente negativa. Actualmente estase a traballar nunha nova redacción de cara a obtención da mencionada autorización necesaria e imprescindible para poder avanzar no expediente.

**13.4. ROGOS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.**

O grupo municipal do PP presenta para o pleno do día 30.01.2025 os seguintes rogos:

- Rogamos se limpie a maleza que invade el tejado de al lado del aparcamiento del empedrado y se solucione el desprendimiento del talud de la esquina del mismo ya que tiene peligro de derrumbe la finca colindante.





Rogamos se haga una actuación de reparación de losas en el casco histórico (plz del Conde, corredora das Virtudes, Rúa San Agustín

#### REMATE DA SESIÓN

Non habendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e nove minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

### DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 27.02.2025 segundo o borrador asinado o día 24.02.2025. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

